

Convocatoria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía para o día 16 de xuño de 2021.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

**Polo exposto, DISPOÑO:**

Convocar a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Economía en sesión **ordinaria**, para o **día 16 de xuño de 2021**, ás 17.30 horas, no Salón de Plenos do Pazo provincial, e coa seguinte orde do día:

**1. 2021/32P/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL**

Aprobación acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de maio de 2021.

**2. 2021/7541N PRESIDENCIA**

Fixación de prezo público para os campamentos tematizados do verán “Explora Ourense – English Camp 2021” (campamento do verán para rapaces que se realizará no complexo turístico do Corgo, situado en Mugueimes – Muíños), entre os días 1 ao 6 de agosto de 2021, para a primeira quenda, e do 7 ao 12 de agosto de 2021 para a segunda.

**3. 2020/24867C PRESIDENCIA**

Expediente de modificación orzamentaria por suplementos de crédito n.º 1/2021 do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento.

**4. 2021/8507N PRESIDENCIA**

Expediente n.º 6/2021 de modificación das bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021.

#### **5. 2021/8591G NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL**

Moción do Grupo Socialista para solicitar a urxente creación dunha liña de axudas económicas para as asociacións de comercio local da provincia de Ourense.

#### **6. MOCIÓN DE URXENCIA.**

#### **7. ROGOS E PREGUNTAS.**

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.